

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN



CURSO 2023-2024

## BIBLIOTECA ESCOLAR

C.E.I.P. MESTRE MARTÍNEZ ALONSO  
MOS

## LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR CURSO 2023/2024

### 1. EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN; A CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO "LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES"

- Formarase un equipo que realizará reunións periódicas coordinándose coa Xefatura de Estudos coa finalidade de levar a cabo as actividades programadas no proxecto anual de biblioteca.
- A persoa responsable da biblioteca escolar é membro da Comisión de Coordinación Pedagóxica e está constituída unha comisión de biblioteca dentro do Consello Escolar.
- Elaborarase un plan de adquisición de fondos para o curso atendendo ás necesidades da biblioteca, do club de lectura e ás suxerencias do Claustro, do alumnado e das familias.
- Organizarase o horario, as normas de uso e o préstamo da B.E. en coordinación coa xefatura de estudos e estableceranse as liñas para as intervencións nas reunións de inicio de curso coas familias en relación coa B.E.
- Cada titoría de primaria disporá de dúas horas semanais no horario lectivo para uso da biblioteca e infantil de unha.
- Elaboraranse as orientacións para o Claustro en relación á *Biblioteca Escolar*, ao *Plan Lector*, ao *Plan Anual de Lectura* e aos *Itinerarios Lectores* de cada nivel. Perfeccionaranse e aplicaranse instrumentos de avaliación sobre o funcionamento da Biblioteca analizando os resultados dos mesmos e establecendo comparativas cos cursos anteriores.
- Continuarase coa actualización na clasificación dos fondos da biblioteca.
- Deseño e aplicación do Plan Anual de Lectura e realización da memoria final do curso.
- Creación dun grupo de alumnado voluntario de 5º e 6º de E.P. con formación e supervisado polo profesorado.

2

### 2. EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

O equipo de biblioteca escolar centrará os seus esforzos en deseñar actividades relacionadas cos *contidos curriculares* dos diferentes niveis de primaria e infantil e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave establecidas.

- Adquisición de novos fondos e realización de tarefas de expurgo, para cubrir paulatinamente as carencias e diversificar os materiais de referencia. (Competencia Matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría) (Competencia en comunicación lingüística).
- Dispor de materiais específicos para tratar temáticas de sensibilidade social (materiais das emocións e da igualdade, estante das linguas do mundo, libros feitos por nós) (Competencia cidadá e Competencia persoal, social e de aprender a aprender).
- A B.E. dispón dunha zona de ordenadores con conexión a internet, material adaptado (teclado adaptado), tablets, robots "Cubetto" e "Ozobot" e unha serie de blogs para uso do claustro e do alumnado. (Competencia Matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría).
- Seguir coa concreción do "Espazo Creativo" e o deseño no proxecto de B. E. de actividades específicas para a formación de usuarios e de búsqueda de información. (Competencia emprendedora) (Competencia persoal, social e de aprender a aprender).
- Ao longo do curso prográmanse actuacións e proxeccións en relación a diferentes datas sinaladas (mes da ciencia, semana da prensa, día do libro, ...) (Competencia en conciencia e expresión culturais e Competencia cidadá).
- Dentro do proxecto anual da biblioteca deséñanse actividades de lectura e expresión escrita, así como de animación á lectura (Competencia lingüística e Competencia persoal, social e de aprender a aprender).

Para lograr a **dinamización e promoción** dos recursos empregaranse todos os recursos dispoñibles:

- Ferramentas dixitais: blog da biblioteca, Podcast da biblioteca, web do centro, redes sociais do centro (facebook, twitter, instagram), comunicación vía correo electrónico cos membros da comunidade educativa (Claustro, ANPA, Consello escolar e familias).
- Ferramentas en papel impreso: comunicacións informativas, correspondencia das mascotas cos/as usuarios/as, buzóns de suxerencias (buzón da biblioteca e da bibliopatio).
- Obxectos intermediarios de carácter afectivo: as mascotas da biblioteca.
- Órganos de xestión: presenza e participación nos órganos de xestión do centro (Claustro, Consello escolar, Comisión de Coordinación Pedagóxica e os diferentes equipos)

### 3. EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS/AS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL.

O proxecto anual de biblioteca contemplará actividades para a alfabetización informacional do alumnado do centro.

- Aplicación dos materiais elaborados polo equipo de biblioteca en materia de formación de usuarios:
  - Vídeos informativos (CDU, normas da biblioteca).
  - Actividades para a pizarra dixital e pantallas táctiles (CDU).
  - Marcadores e etiquetaxe para os andeis con pictogramas e coas cores e números da CDU.
  - Xogos informáticos (CDU e organización da biblioteca).
  - Actividades na biblioteca para familiarizarse coa C.D.U (paneis cos robots, actividades coas caixas parlantes e coa realidade aumentada...).
- Visitas guiadas á biblioteca escolar e á biblioteca municipal.
- Visitas on-line a bibliotecas (uso do catálogo das bibliotecas).
- Uso de enciclopedias e dicionarios físicos e on-line.
- Dinamización e actualización periódica de fondos como Xornais e Revistas.
- Elaboración dun Proxecto Documental Integrado no que participará todo o alumnado do centro.

### 4. EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

Con respecto ao **fomento da lectura** o equipo de biblioteca elaborará un programa coas actividades que a continuación se nomean e que serán descritas e temporalizadas no proxecto anual de biblioteca.

- Actividades diversas de animación á lectura.
- Continuidade dos Clubs lectores en 5º e 6º de educación primaria.
- Sinatura dos contratos, reparto dos carnés de biblioteca e entrega de diplomas.
- As mascotas da biblioteca. Correspondencia das mascotas co alumnado do centro.
- Mochilas viaxeiras para alumnado e familias.
- Publicacións de contados na rede como o blog da biblioteca e nas redes do centro (facebook, twitter, instagram).
- Contar e cantar: a música como elemento de dinamización da biblioteca.
- Publicación de guías de lectura i exposicións das novidades.
- Exposición de lecturas relacionadas con distintas conmemoracións: a Muller na ciencia, Diversidade, Día da Paz, 8 de Marzo ou o Día do Cómic entre outros.
- Exposición de material relacionado co P.D.I.
- A "Bibliopatio".
- Encontros con escritores/as e ilustradores/as na biblioteca.
- Programación de actividades específicas para: "Novembro, mes da Ciencia e Innovación", Marzo "Igualdade", "Poesía" e "Semana da Prensa", "Abril, mes dos libros", "Maio, mes das Letras Galegas".

Con respecto ao **proxecto lector** de centro:

- Orientarse ao profesorado en relación aos itinerarios lectores e na organización e dinamización das bibliotecas de aula.
- Orientarse ao profesorado na posta en práctica do Proxecto Lector e na elaboración para os diferentes niveis do Plan Anual de Prácticas Lectoras e Escritoras 23/24.

### 5. EN RELACIÓN COS AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

Ademais de potenciar a participación de todo o alumnado do centro, deseñaranse diferentes actividades encamiñadas a valorar as diferenzas persoais. Sen olvidar a adquisición de materiais inclusivos e conseguir un espazo accesible e flexible.

## 6. OUTRAS ACTUACIÓNS.

As persoas integrantes do equipo continuarán a súa formación en relación coas bibliotecas escolares.

## 7. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE UTILIZARÁN.

### Criterios de avaliación:

- Número de visitas á biblioteca e cantidade de préstamos realizados.
- Preferencias en canto aos materiais levados en préstamos.
- Adecuación das actividades programadas para o fomento de lectura e formación de usuarios/as e de educación para o acceso á información.
- Número e tipoloxía das actividades programadas polas titorías.

### Procedementos de avaliación:

- Recollida das suxerencias do claustro, do alumnado e das familias.
- Rexistro do número de préstamos global e por titorías.
- Rexistro das preferencias dos usuarios/as.
- Rexistros da finalidade das visitas realizadas polo profesorado co seu alumnado.

### Os instrumentos de avaliación son os seguintes:

- Cuestionario e posterior gráfica para avaliar a biblioteca escolar por parte do claustro.
- Cuestionario e posterior gráfica para avaliar o funcionamento da B.E. por parte do alumnado e voluntariado da biblioteca.
- Cuestionario e posterior gráfica para avaliar o funcionamento da B.E. por parte das familias do alumnado.
- Gráfica comparativa dos préstamos realizados con cursos anteriores.

## 8. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.

A persoa responsable da B.E. será Silvia Alonso Cardoso. Preferiblemente manterase, na medida do posible, o mesmo equipo de biblioteca que funciona actualmente.

En canto ao horario previsto para os membros do equipo será como mínimo o seguinte:

- As persoas que formen o equipo de biblioteca disporán de 1 sesión semanal adicada a labores de dinamización.
- Ademais da sesión de dinamización, a persoa responsable da biblioteca escolar disporá de 3 sesións semanais adicadas a labores de coordinación.

En Mos, a 29 de Xuño de 2023

**Visado do centro**  
**Asinado: Gaspar Torres Freitas**  
(Director)

**Asinado: Silvia Alonso Cardoso**  
(Responsable da Biblioteca Escolar)